



Sindicato de Traballado@s da Administración de Xustiza

Sindicato independiente y específico

SOMOS DE XUSTIZA

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA
PONTEVEDRA

ENTRADA 73126 / RX 1646845

Data 01/08/2019 10:35:28



Contacta con nós:

A Coruña (Paco) 609.292.438

Ferrol (María) 658.615.515

Santiago (María Jose) 673.618.911

Pontevedra (Kike) 605.128.068

Vigo (Julián) 647.401.860

Lugo (Jose Luis) 649.778.142

Ourense (Conchi) 655.805.810

Julián González Rodríguez, en calidade de Delegado Sindical do Sindicato de Traballadores dá Administración de Xustiza (STAJ) con domicilio a efecto de notificacións en Rúa Lalín, nº 4, sótano, edificio dos Xulgados, Vigo, C.N.I. 11959417S.

EXPÓN:

1.- O Xulgado do Penal nº 1 de Vigo excede actualmente a carga de traballo que pode soportar en función do módulo de entrada de asuntos establecido pola Orde JUS/1415/2018, do 28 de decembro, pola que se publica o Acordo entre o Consello Xeral do Poder Xudicial e o Ministerio de Xustiza para a determinación do sistema de medición da carga de traballo dos órganos xudiciais. Estes módulos de entrada, xunto coas circunstancias específicas dos distintos partidos xudiciais e a sua litigiosidade, servirán, entre outras, para valorar a adecuación da planta ás necesidades reais e para a valoración das medidas de reforzo e apoio que en cada caso resulten más adecuadas.

2.- Non imos reproducir neste escrito as estatísticas dos últimos anos deste Xulgado pois a esa Dirección Xeral de Xustiza xa lle constan, pero este exceso de carga de traballo sería suficiente como para pensar na adopción de medidas de reforzo. A maiores, esta situación vese agravada debido a que actualmente o Xulgado do Penal 1 tramita un procedemento de especial complexidade e magnitude, o Procedemento denominado da "Pedra", o cal ata o momento consta duns 20.000 folios, divididos en 70 tomos. Para a almacenaxe das pezas de convicción tívose que habilitar un local especial pois o arquivo habitual non era suficiente para este fin, o que da unha idea da extensión e amplitude do procedemento. Soamente o manexo e tratamiento destas pezas de convicción produce un aumento de carga de traballo que se debe ter en conta pensando na valoración de implantación de medidas de apoio e reforzo do Xulgado. Pero o problema non se reduce exclusivamente a isto, falamos dun procedemento con



Staj, Sindicato de Trabajadores de la Administración de Justicia.
Sen subvención e sen ataduras





Sindicato de Traballado@s da Administración de Xustiza

Sindicato independiente y específico

SOMOS DE XUSTIZA

Contacta con nós:

A Coruña (Paco) **609.292.438**

Ferrol (María) **658.615.515**

Santiago (María Jose) **673.618.911**

Pontevedra (Kike) **605.128.068**

Vigo (Julián) **647.401.860**

Lugo (Jose Luis) **649.778.142**

Ourense (Conchi) **655.805.810**

41 acusados/imputados e 17 denunciantes/prexudicados e que probablemente despois da celebración do xuízo e en fase de execución de sentenza téñase que dividir en varias pezas que serán repartidas entre os distintos funcionarios para a súa tramitación, dado que non sería posible unha correcta xestión pola funcionaria encargada do seu trámite procesual en exclusividade, de non ser así se vería atrasada a conclusión da devandita causa, un atraso que xeraría unha gran deterioración da tutela xudicial á que teñen dereito todas as partes en calquera procedemento.

A conclusión clara é que se dita causa é repartida entre varios funcionarios, dado que o seu trámite en exclusividade por unha funcionaria é inviable pola súa envergadura, a carga de traballo que terá que soportar cada funcionario verase incrementada producindo unha saturación no seu traballo dificilmente sustentable, repercutindo negativamente no trámite dos demais procedementos e da resposta de calidade que se espera que un servizo público ofreza aos seus administrados que verán como os seus asuntos atrásanse inxustificadamente sen entender porque non se poñen os medios necesarios para avanzar nos demais procedementos.

3.- O parágrafo 2 do art. 472 da LOPJ dispón que "*Por razóns de urxencia ou necesidade, poderán nomearse funcionarios interinos, que desenvolverán as funcións propias dos devanditos corpos, en tanto non sexa posible o seu desempeño por funcionarios de carreira ou permanezan as razóns que motivaron o seu nomeamento.*" Así mesmo a ORDE do 4 de outubro de 2018 sobre selección e nomeamento de persoal interino para cubrir postos de persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza en Galicia dispón no seu art. 17 que cando, por circunstancias concxunturais, un órgano, servizo ou unidade da Administración



Staj, Sindicato de Trabajadores de la Administración de Justicia.
Sen subvención e sen ataduras





Sindicato de Traballado@s da Administración de Xustiza

Sindicato independiente y específico

SOMOS DE XUSTIZA

Contacta con nós:

A Coruña (Paco) **609.292.438**

Ferrol (María) **658.615.515**

Santiago (María Jose) **673.618.911**

Pontevedra (Kike) **605.128.068**

Vigo (Julián) **647.401.860**

Lugo (Jose Luis) **649.778.142**

Ourense (Conchi) **655.805.810**

de xustiza soporte unha carga de traballo extraordinaria poderase acordar o nomeamento de persoal interino de reforzó como medida de apoio temporal.

4.- Este sindicato tivo coñecemento de que polo Letrado da Administración de Xustiza do Xulgado procedeuse segundo o acordado no art. 19.2 da ORDE do 4 de outubro de 2018 formulando a correspondente petición de persoal de reforzo a través do OPAX presentando un plan de actuación con indicación dos obxetivos para cubrir e o tempo de duración estimado do reforzó.

Por todo o exposto informamos a esa Dirección Xeral de Xustiza da situación exposta e **SOLICITAMOS** que se nomee de forma urxente un funcionario de reforzo do corpo de Tramitación ou de Xestión para o Xulgado do Penal 1 de Vigo para dar resposta ao aumento de volumen de traballo pola nova materia que supón unha sobrecarga no trámite ordinario do devandido Xulgado.

En Vigo a 31 de Xullo de 2019.



DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

Rúa Madrid, 2-4, 2º piso – Fontiñas

15781 Santiago de Compostela.-



Staj, Sindicato de Trabajadores de la Administración de Justicia.
Sen subvención e sen ataduras

